



COMEZO DO CURSO 2019-20

Queridas familias:

Antes de comezar o novo curso 2019-20 queremos informaros dos seguintes puntos.

COMEZO DO CURSO:

* **Día 11 de SETEMBRO, MÉRCORES:** Alumnos de Ed. Infantil e Ed. Primaria

- 4º de Ed. Infantil (3 anos): de 9:15 h. a 13:30 h. –en dúas quendas os cinco primeiros días-. Estes días o transporte escolar non funcionará para o percorrido das 11:30 h. (rematado o período de adaptación o horario será de 9:15 h. a 13:50 h. todo o mes de setembro)
- 5º e 6º de Ed. Infantil: de 9:15 h. a 13:50h. (todo o mes de setembro)
- 1º, 2º, 3º e 4º de Ed. Primaria: de 9:15 h. a 14:00h. (todo o mes de setembro)
- 5º e 6º de Ed. Primaria: de 9:15 h. a 14:00 h. desde o día 11 ao 16 (incluído). A partires do martes, día 17, o horario será de 8:30 h. a 14:10 h.

A partir do 1 de outubro ata o 31 de maio a xornada escolar nos niveles de Ed. Infantil e Ed. Primaria (de 1º a 4º) será de mañá e tarde.

* **Día 16 de SETEMBRO, LUNS:** Alumnos de ESO e Bacharelato

- Este día virán de 10:30 h. a 12:00 h. para a distribución dos grupos, recoller horarios, relación de libros de texto, etc.
- A partires do martes, día 17, o horario será de 8:30 h. a 14:10 h.

O bus escolar funcionará segundo as paradas xa establecidas desde o primeiro día.

SERVIZOS OPCIONAIS:

- **MEDIAPENSIÓN:** Este servizo comezará o mércores, día 11. Como en anos anteriores, os alumnos que por calquera circunstancia precisen comer algún día illado no Colexio, recollerán un ticket na portería a primeira hora da mañá. O seu importe será de 9€. O custo mensual será de 129€ (4 días 115€, 3 días 86€, 2 días 60€ e 1 día 32€)

Os alumnos que fagan uso deste servizo no mes de setembro, podedes pasar a recollelos a partires das 14:30 h.

- **TRANSPORTE ESCOLAR:** O custo mensual de 2 viaxes é 84€ e 4 viaxes 99€. Se utilizan o transporte escolar en setembro o autobús sairá ás 15:00 h. facendo as paradas habituais.

(continua por detrás)

LIBROS E MATERIAL ESCOLAR:

- ✓ A todos os alumnos que o desexen proporcionaráselle os libros de texto no Colexio e cobraranse no recibo do mes de outubro.
- ✓ Na páxina web do Colexio e da AMPA podedes consultar os listados de libros a partir do día 4 de xullo.
- ✓ O material escolar cobrárase no recibo de setembro.

UNIFORME:

Lembrede que é obrigatorio **desde 4º de Educ. Infantil ata 2º de ESO** tal e como está establecido. Poden seguir utilizando o uniforme antigo durante un curso mais. Podedes consultar a información na páxina web no apartado Servizos - sección uniforme.

UNIFORME DE EDUCACIÓN FÍSICA: obrigatorio para todos os alumnos desde 1º de Ed. Primaria ata 1º de Bacharelato, e para os rapaces de 5º e 6º de Ed. Infantil que fagan algunha actividade **deportiva extraescolar**.

SEGURO DE ACCIDENTES:

- Recordade que este Seguro é para os accidentes que os alumnos teñan no Colexio ou nas actividades extraescolares organizadas polo propio Centro.
- Sempre que ocorra algún accidente tedes que pedir un parte en Secretaría. Se estivera pechada tedes que pedilo a posteriori e levar o parte orixinal ao hospital.
- O Centro hospitalario ao que tedes que levar aos accidentados é **“Hospital HM Modelo”**
- O importe deste seguro cobrarase no recibo do mes de febreiro.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O PRÓXIMO CURSO:

- A matrícula das **actividades extraescolares culturais e deportivas** realizarase entre o 27 de xuño e o 25 de agosto.

A inscrición deberá realizarse a través da páxina web da ANPA, www.ampaciamaria.com, sendo obrigatorio a inscrición on-line. Durante o mes de setembro, darase a posibilidade de matricularse de forma excepcional solo para aquelas actividades nas que queden prazas sen cubrir.

- A matrícula para a **Escola de música** será entre o 20 de xuño e 2 de xullo de xeito presencial. En setembro abrirase un novo prazo do día 9 ao 20.

Os formularios de novas matrículas e renovacións entréganse na secretaría do colexio, e estarán á vosa disposición na mesma secretaría ou na páxina web no apartado Escola de Música en “Matrícula”.

Para calquera dúbida podedes escribirmos á dirección de e-mail esmu.compania.maria@edu.xunta.es.

Desexando para todos unhas vacacións moi agradables, saúdavos atentamente,

A DIRECCIÓN

